

Acta da Comisión Permanente do día 28 de maio de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 28/05/2025
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 28/05/2025
- III. Solicitudes de recoñecemento de créditos
- IV. Solicitud de axuda para a organización de olimpíadas do saber na Universidade de Vigo no ano 2025
- V. Solicitud de axuda para actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo para o ano 2025
- VI. Solicitud da Área de Calidade de emisión dun informe de valoración da actividade docente do profesorado (Quinquenios).

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 12 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 7 de maio de 2025.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión.

2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.

A Presidenta indica que se achegou unha solicitude dunha alumna que ven de Venezuela coa titulación de *Ingeniería en petróleo* e solicita acceso ao Grao en Enxeñaría da Enerxía por recoñecemento de 30 ECTS. Sinala que se trata dun caso particular xa que conta cunha titulación rematada e solicita un número importante de materias para o seu recoñecemento. Trasládouse o expediente ás persoas coordinadoras das materias correspondentes para que achegasen as súas valoracións. Aмосa e comenta a proposta de recoñecementos elaborada tendo en conta esta información (Anexo III).

Apróbase a proposta por asentimento. Agradécese o traballo ao profesorado que participou no proceso de revisión e valoración.

3. Aprobación, se procede, da solicitude de axuda para a organización de Olimpíadas do Saber na Universidade de Vigo no ano 2025.

A Presidenta lembra que outros anos se solicitou a axuda co obxecto de financiar a Olimpíada de Xeoloxía, pero este ano non foi necesario acometer gastos de transporte polo que o centro puido asumir todos os gastos. Propón solicitar unha axuda para a *I Olimpíada de Enerxía*, que se celebrou no centro o 9 de abril. Sinala que a actividade conta coa financiación externa da “Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología” (FECYT) e do Consello Social da UVigo; ademais, NATURGY S.L. e o “Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del NW” financiaron os premios aos centros. Aмосa a solicitude (Anexo IV) na que

se recolle a memoria xustificativa da actividade desenvolvida, destacando a lista de eventos e o orzamento, e aclara que a solicitude se basea nas actividades realizadas e nos gastos reais.

Apróbase a proposta por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da solicitude de axuda para organizar actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo para o ano 2025.

A Presidenta comenta que anualmente a Vicerreitoría convoca estas axudas e que no centro sempre se consulta á Delegación de Alumnado para facer a solicitude. Avisa a solicitude (Anexo V) e salienta que este ano se propón reservar parte da axuda para o acto de graduación xa que a cantidade que corresponde en función do estudantado é superior á de anos anteriores. Aclara que se a Delegación de Alumnado necesitase unha dotación adicional a asumiría o centro.

Apróbase por asentimento a presentación da solicitude de financiamento á convocatoria de axudas para organizar actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo.

5. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para elevar á Xunta de Escola.

A Presidenta indica que este curso a Universidade cambiou o procedemento de solicitude dos quinquenios. Comenta as diferencias no xeito de solicitude e o procedemento/casuística para a concesión/solicitude de informes de centros e departamentos. Sinala que só chegou ao centro unha solicitude dunha persoa, quen solicita 2 períodos.

Lembra que segundo o regulamento de réxime interno a Comisión Permanente debe emitir informe previo á Xunta de Escola. Aclara que o procedemento habitual é propor informe favorable salvo que consten reclamacións ou queixas. Nese caso, habería que poñelas encima da mesa e tomar una decisión.

Sinala que no caso da persoa solicitante si que constan queixas e que ademais o segundo período inclúe case 2 anos nos que a persoa solicitante se atopaba de baixa, polo que non se sabe se se pode ou non emitir informe dese período.

Dada as circunstancias específicas da solicitude, a Presidenta traslada a conveniencia de facer unha consulta sobre como proceder no caso específico e propón que a Comisión Permanente traslade á Xunta de Escola a emisión do informe sobre a actividade docente do solicitante.

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 25 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e oito de maio de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 28/05/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 28 de maio de 2025, ás 11:30 h en primeira convocatoria e as 12:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 7 de maio de 2025.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Aprobación, se procede, da solicitude de axuda para a organización de Olimpíadas do Saber na Universidade de Vigo no ano 2025.
4. Aprobación, se procede, da solicitude de axuda para organizar actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo para o ano 2025.
5. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para para elevar á Xunta de Escola.
6. Rogos e preguntas.

Vigo, 21 de maio de 2025
O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-8fab-1878-fb2e-9386-2e7d-44a4-52ec-0e76

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 21/05/2025 16:34 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 28/05/2025

Asistentes á Comisión Permanente do 28 de maio de 2025
Presidente da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Raquel Pérez Orozco
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Eduardo Giráldez Pérez
Beatriz Guitián Saco
Javier Vijande López
Estudantes
-
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Desculpa á súa ausencia Belén Parente Artime.

ANEXO III

Solicitudes de recoñecemento de créditos

ANEXO IV

Solicitud de axuda para a organización de olimpíadas do saber na
Universidade de Vigo no ano 2025

ANEXO V

Solicitud de axuda para actividades extraacadémicas e de difusión cultural
da Universidade de Vigo para o ano 2025

ANEXO VI

Solicitud da Área de Calidade de emisión dun informe de valoración da
actividade docente do profesorado (Quinquenios)